

Levantarse de novo e sen medo

«Só quen cae pode levantarse», di un proverbio. Un exemplo que transmite ao mesmo tempo tenrura e valentía é o dos nenos nas primeiras etapas do seu desenvolvemento. Canta forza de vontade neses primeiros pasos inseguros, ao levantarse cada vez con determinación, ata gañar confianza e comezar con movementos cada vez máis seguros... o camiño da vida!

A medida que un crece, entre retos e dificultades, levantarse cada vez vólvese máis difícil. As probas da vida pésannos, o medo a perder as nosas seguridades (no encontro con quen é diferente ou non pensa coma nós) fréanos. Non sempre basta a forza de vontade nin sequera o desexo sincero de ser coherentes cos valores e as eleccións. Nestes momentos difíciles, poder contar cunha man amiga pode darnos o impulso para recomenzar sen medo e facer, no máis profundo da conciencia, un silencio auténtico capaz de “reconstruírnos” interiormente.

Di Chiara Lubich: «Quen non pasa pola proba? Esta asume o cariz do fracaso, da pobreza, da depresión, da dúbida, da tentación [...]. Dá medo tamén a sociedade materialista e individualista que nos rodea, coas guerras, as violencias, as inxustizas...». Chiara mostrouno coa súa propia vida: é precisamente neses momentos de escuridade e de fatiga cando é máis importante atopar a forza para “recomezar”, ante todo dentro de nós mesmos, coa confianza de que “aínda podes esperalo todo”¹.

É o que lle sucedeu a Emilia de Terra Santa. Traballa como directora dun sector do Goberno xunto con xudeus, cristiáns, musulmáns e drusos. Despois do 7 de outubro de 2023 comprende que o amor é a única resposta posible a esa gran dor e comprométese a amar a todos os que a rodean, sobre todo a través da escoita, para poder acoller ao outro no seu corazón. escoitar con amor e humildade, e comprender o que o outro ten que dicir, sexa árabe ou xudeu. Así, cunha gran parte dos seus compañeiros, chegaron a estar tan abertos reciprocamente que poden falar libremente da situación, e isto deu valor a outros colegas para expresar os seus medos e dores, mantendo o grupo unido e permanecendo na paz².

Son moitas as historias de comunidades feridas que non se renden, que atopan día tras día, vivindo a reciprocidade de compartilo todo, a forza para crer que o odio non pode ter a última palabra.

Aínda que non sexamos nós quen vexa os froitos do noso compromiso, cada vez que nos levantemos contribuiremos a formar “homes novos”, porque —como dicía Bonhoeffer dende o cárcere pouco antes de morrer—: «Para quen é responsable, a pregunta última non é como saio adiante heroicamente neste asunto, senón: cal poderá ser a vida da xeración que vén?».

¹ “Recomenzar” Gen Rosso

² Experiencia presentada no congreso interrelixioso One Human Family, celebrado en xuño de 2024 en Castel Gandolfo (Italia)